DARIO CAMPOS CONDE (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data da Sinatura: 15/12/2025
HASH: cd9aeab8159686d625d9872f2bb1d2b2

BANDO

O Concello da Pontenova informa que a Xunta de Galicia abre o prazo para:

ORDE DO 3 DE DECEMBRO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS PRODUCIDOS POLO LOBO E SE CONVOCAN PARA O ANO 2026 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT809B)

OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS:

Establecer unha liña de axudas a favor das persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras afectadas polos ataques do lobo ás reses da súa explotación, coa finalidade de compensar os danos ocasionados no seu gando.

BENEFICIARIOS:

- Poderánse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando que se especifica no anexo I e que fose afectado por ataques de lobos dentro da Comunidade Autónoma.

IMPORTE DAS AXUDAS:

- Importe das axudas por morte do gando figura no anexo I desta orde para cuxo cálculo se tivo en conta tanto o dano emerxente como o lucro cesante.
- No caso de animais feridos, a axuda estimarase en función dos gastos veterinarios producidos e acreditados (enténdese por gasto veterinario tanto a actuación do persoal profesional como o tratamento prescrito), nunha contía que, en ningún caso, poderá exceder o límite das contías previstas no anexo I desta orde.
- Os gastos de eutanasia producidos e acreditados serán compensables. O importe máximo da compensación dos gastos de eutanasia por animal establécese en 75 €. No caso de que os gastos excedan este importe, a persoa beneficiaria terá dereito á axuda máxima, é dicir, 75 €.

FORMA DE PRESENTACIÓN: Preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal (código de procedemento MT809B).

As persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes dirixiranse ao Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da provincia en que se produza o dano.

Especie	Clase e idade	Custo raza Celta
Porcino	Leitón < 3 meses	130,13 €
Porcino	Porco ≥ 3 meses e < 6 meses	217,36 €
Porcino	Porco ≥ 6 meses e < 9 meses	288,86 €
Porcino	Porco da ceba ≥ 9 e < 12 meses	433,29 €
Porcino	Porco da ceba ≥ 12 meses	549,12 €
Porcino	Reprodutora	520,52 €
Porcino	Reprodutora preñada	577,72 €
Porcino	Reprodutor	650,65 €

Cod. Validación: AJ669ZQCZQNM4ZSKMS6RRJTJ
Corrección: https://concellodapontenova.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Especie	Clase e idade	Custo Rubia Galega	Custo outras razas autóctonas*	Custo vacún leiteiro	Custo resto de reses de gando vacún	Lucro cesante carne (femias)	Lucro cesante leite (femias)
Bovino	Becerro < 2 meses	533,39 €	629,20 €	418,99 €	418,99 €		
Bovino	Becerro ≥ 2 meses e < 4 meses	670,67 €	800,80 €	533,39 €	533,39 €		
Bovino	Becerro ≥ 4 meses e < 6 meses	1.131,13 €	1.465,75 €	979,55 €	979,55 €		
Bovino	Becerro ≥ 6 meses e < 1 ano	1.151,15 €	1.515,80 €	1.012,44 €	1.012,44 €		
Bovino	Vacún ≥ 1 ano e < 2 anos	1.537,25 €	2.009,15 €	1.675,96 €	1.341,34 €		
Bovino	Vacún ≥ 2 anos e 6 anos	1.904,76 €	2.858,57 €	2.536,82 €	1.748,89 €	138,71 €	1.983,41 €
Bovino	Vacún ≥ 6 anos e < 9 anos	1.522,95 €	2.093,52 €	1.397,11 €	1.397,11 €	138,71 €	1.983,41 €
Bovino	Vacún ≥ 9 anos	913,77 €	1.141,14 €	763,62 €	763,62 €	138,71 €	1.983,41 €

* Outras razas bovinas autóctonas de Galicia: Cachena, Caldelá, Vianesa, Limiá e Frieiresa.

Especie	Clase e idade	Custo Pura Raza Galega	Custo outros cabalos
Equino	Poldro < 2 meses	346,06 €	277,42 €
Equino	Poldro ≥ 2 meses e < 4 meses	451,88 €	346,06 €
Equino	Poldro ≥ 4 meses e < 6 meses	629,20 €	523,38 €
Equino	Poldro ≥ 6 meses e < 1 ano	943,80 €	787,93 €
Equino	Equino ≥ 1 ano e < 2 años	1.006,72 €	859,43 €
Equino	Equino ≥ 2 anos e < 10 anos	1.258,40 €	858,00 €
Equino	Equino ≥ 10 anos	943,80 €	712,14 €
Equino	Asnal < 1 ano	95,81 €	
Equino	Asnal ≥ 1 ano e < 10 anos	317,46 €	
Equino	Asnal ≥ 10 anos	238,81 €	
Equino	Mular < 1 ano	158,73 €	
Equino	Mular ≥ 1 ano e < 10 anos	476,19 €	
Equino	Mular ≥10 anos	354,64 €	

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

- Danos comunicados entre o 01/10/2025 e a entrada en vigor desta orde → un mes dende a entrada en vigor desta orde
- Danos ocasionados desde a entrada en vigor desta orde → un mes dende o día seguinte ao da comunicación do dano

Para máis información dirixirse á Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello ou ben chamar ó teléfono 982 34 22 77.-

A Pontenova, na data da sinatura dixital
O Alcalde
Darío Campos Conde
DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: AJ669ZQCZQNM4ZSKMS6RRJTJ
Corrección: https://concellodapontenova.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2